

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.1.1. Normas e acordos

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 23 de outubro de 2017, polo que se nomea delegada de Protección de Datos do Parlamento de Galicia

O Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE establece, no seu artigo 37, que os responsables e encargados de tratamento deberán designar un delegado de protección de datos (en adiante DPD) nos supostos que o propio RXPD establece. Entre eses supostos atópase o de que «o tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público».

O citado regulamento sinala entre as funcións da persoa delegada de protección de datos as de:

- Informar e asesorar o responsable ou o encargado do tratamento e os empregados que se ocupen do tratamento das obrigas que lles incumben en virtude do RXPD e doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros.
- Supervisar o cumprimento do disposto no Regulamento, doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros e das políticas do responsable ou do encargado do tratamento en materia de protección de datos persoais.
- Ofrecer o asesoramento que se lle solicite acerca da avaliación de impacto relativa á protección de datos e supervisar a súa aplicación.
- Cooperar coa autoridade de control.
- Actuar como punto de contacto coa autoridade de control para cuestións relativas ao tratamento.

En consecuencia, a Mesa, ao abeiro do disposto no artigos 4 e 17 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 657, do 10 de xuño de 2016), adopta o seguinte acordo:

Único. Nomear a letrada do Parlamento de Galicia D^a María Vicenta Aneiros González delegada de Protección de Datos do Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º